

2. Os representantes neste comité, así como o coordinador, serán elixidos cada dous anos por proposta do presidente da comisión, por acordo da maioría absoluta dos compoñentes dela, na reunión ordinaria do pleno. No caso de non se dar esta circunstancia, procederase a unha segunda elección na cal a designación se efectuará por maioría simple.

3. A comisión poderá delegar no Comité de Traballo a capacidade para estudar problemas que presente o desenvolvemento e funcionamento do rexistro estatal de centros docentes non universitarios, así como a de facer propostas de solución e mellora. O secretario da comisión fará chegar estas propostas a todos os seus membros, co fin de que lle poidan reclamar ao presidente, se se considera oportuno, a convocatoria dunha reunión extraordinaria para a súa discusión e oportuna aprobación.

4. O Comité de Traballo comunicarlles ás administracións educativas os temas que hai que tratar co fin de que poidan asistir, con voz pero sen voto, aqueles representantes interesados nos ditos temas. O Comité de Traballo fixará as súas reunións na forma en que estime oportuna, respectando, en todo caso, o disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sétimo. *Substitución de membros integrantes da comisión.*—Cando por razóns técnicas ou de organización a administración educativa correspondente decida cambiar o seu representante na comisión, comunicarllo ao director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa do Ministerio de Educación e Ciencia, quen o porá en coñecemento do presidente da comisión.

Se o representante substituído formase parte do comité de traballo, o seu substituto pasará a ser membro deste comité até a súa renovación.

Oitavo. *Funcionamento.*

1. A Comisión entenderase validamente constituída cando estean presentes o presidente e o secretario dela e polo menos a metade dos seus membros.

2. Os acordos no seo da comisión serán adoptados por maioría de votos.

3. En canto ao non previsto nesta orde con respecto ao réxime de funcionamento da comisión, haberá que aterse ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Noveno. *Publicidade dos acordos.*—De cada reunión que celebre a comisión, o secretario levantará acta, na cal se especificará a relación de asistentes, a orde do día da reunión, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados. Unha copia da acta será remitida aos representantes das administracións educativas na comisión.

Décimo. *Sede da comisión.*—A comisión terá a súa sede no Ministerio de Educación e Ciencia.

Décimo primeiro. *Entrada en vigor.*—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 17 de xuño de 2004.

SAN SEGUNDO GÓMEZ DE CADIÑANOS

Ilmos. Sres. Secretario Xeral de Educación e Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

## MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

**15942** *ORDE SCO/2929/2004, do 2 de setembro, pola que se modifica o anexo do Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro, polo que se establecen as normas de identidade e pureza dos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios.* («BOE» 219, do 10-9-2004.)

Os aditivos edulcorantes regulados mediante a Directiva 94/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de xuño de 1994, e a súa posterior modificación, incorporadas ao noso ordenamento xurídico polo Real decreto 2002/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos edulcorantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, e modificado polo Real decreto 2027/1997, do 26 de decembro, teñen establecidos os seus criterios de identidade e pureza.

A determinación dos ditos criterios de pureza realízase mediante a Directiva 95/31/CE, da Comisión, do 5 de xullo de 1995, pola que se establecen os criterios específicos de pureza dos aditivos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios, incorporada á nosa lexislación mediante o Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro, que establece as normas de identidade e pureza dos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios, modificado polo Real decreto 1116/1999, do 25 de xuño, así como diversas ordes ministeriais, sendo a última destas a Orde SCO/1051/2002, do 7 de maio.

A publicación da Directiva 2004/46/CE, da Comisión, do 16 de abril de 2004, regula os criterios de identidade e pureza dos aditivos edulcorantes Sucralosa (E-955) e Sal de Aspartamo-Acesulfamo (E-962), ambos os edulcorantes autorizados pola Directiva 2003/115/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 22 de decembro.

A presente orde, que se dita en uso das facultades atribuídas na disposición derradeira primeira do Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro, incorpora ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2004/46/CE da Comisión.

Para a fixación destes criterios específicos que se establecen nesta Directiva 2004/46/CE que se traspón, tiveron en conta as especificacións e técnicas analíticas que para estes aditivos preparou o Comité Mixto FAO/OMS de Expertos en Aditivos Alimentarios (JECFA). Así mesmo, consultouse o Comité Científico da Alimentación Humana.

Non obstante, calquera aditivo que fose preparado mediante métodos de produción ou con materias primas, significativamente diferentes dos incluídos na avaliación do Comité Científico da Alimentación Humana, ou distintos dos mencionados na presente orde, deberá someterse ao dito comité para a avaliación da súa seguridade, facendo especial fincapé nos criterios de pureza.

As medidas previstas na presente disposición axúntanse ao ditame do Comité Permanente da Cadea Alimentaria e Sanidade Animal.

Na elaboración desta orde foron oídos os sectores afectados, e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro.—*Modificación do anexo do Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro.*

Modifícase o anexo do Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro, polo que se establecen as normas de identidade e pureza dos aditivos edulcorantes, utilizados nos

produtos alimenticios, para establecer os criterios de identidade e pureza dos novos edulcorantes autorizados Sucralosa (E-955) e Sal de Aspartamo-Acesulfamo (E-962).

Segundo.—Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 2 de setembro de 2004.

SALGADO MÉNDEZ

### ANEXO

No anexo engadirase o texto seguinte:

#### E-955 Sucralosa

Sinónimos: 4,1',6'-triclorogalactosacarosa.

Definición:

Nome químico: 1,6-dicloro-1,6-dideoxi-β-D-frutofuranosil-4-cloro-4-deoxi-α-D-galactopiranosido.

Einecs: 259-952-2.

Fórmula química: C<sub>12</sub>H<sub>19</sub>Cl<sub>3</sub>O<sub>8</sub>.

Masa molecular: 397,64.

Análise: contido non inferior ao 98 por 100 e non superior ao 102 % C<sub>12</sub>H<sub>19</sub>Cl<sub>3</sub>O<sub>8</sub> calculado sobre a masa anhidra.

Descrición: po cristalino practicamente inodoro, de cor branca ou abrancazada.

Identificación:

A) pH dunha solución ao 10 por 100: non menos de 5,0 nin máis de 7,0.

B) Solubilidade: Soluble en auga, metanol e etanol. Apenas soluble en acetato de etilo.

C) Absorción en infravermello: o espectro infravermello dunha dispersión da mostra en bromuro de potasio presenta valores máximos relativos en números de onda similares aos do espectro de referencia obtido mediante unha norma de referencia da sucralosa.

D) Cromatografía de capa fina: a principal mancha da solución de proba ten o mesmo valor R que o da principal mancha da solución A que serve de referencia para a proba doutros disacáridos clorados. Esta solución de referencia obtense mediante a disolución de 1,0 g da norma de referencia da sucralosa en 10 ml de metanol.

E) Rotación específica:  $[\alpha]^{20}_D$ : +84,0° a + 87,5 calculada sobre a masa anhidra (solución ao 10 por 100 en peso/volume).

Pureza:

Humidade: non máis do 2,0 por 100 (método de Karl Fischer).

Cinza sulfatada: non máis do 0,7 por 100.

Chumbo: non máis de 1 mg/kg.

Outros disacáridos clorados: non máis do 0,5 por 100.

Monosacáridos clorados: non máis do 0,1 por 100.

Óxido de trifetilfosfina: non máis de 150 mg/kg.

Metanol: non máis do 0,1 por 100.

#### E- 962 Sal de aspartamo-acesulfamo

Sinónimos: Aspartamo-acesulfamo. Sal de aspartamo-acesulfamo.

Definición: o sal prepárase quentando unha solución de pH ácido composta por aspartamo e acesulfamo K nunha proporción de 2:1 aproximadamente (peso/peso) e deixando que se produza a cristalización. Elimínanse o potasio e a humidade. O produto é máis estable que o aspartamo por si só.

Nome químico: Sal 6-metil-1,2,3-oxatiazin-4(3H)-ona-2,2-dióxido de ácido L-fenilalanil-2-metil-L-α-aspartico.

Fórmula química: C<sub>18</sub>H<sub>23</sub>O<sub>9</sub>N<sub>3</sub>S.

Masa molecular: 457,46.

Análise: 63,0 por 100 a 66,0 por 100 aspartamo (base seca) e 34,0 por 100 a 37,0 por 100 acesulfamo (forma ácida sobre base seca).

Descrición: po branco, inodoro e cristalino.

Identificación:

A) Solubilidade: pouco soluble en auga; lixeiramente soluble en etanol.

B) Factor de transmisión: o factor de transmisión dunha solución ao 1 por 100 en auga, determinada nunha célula de 1 cm a 430 nm cun espectrofotómetro adecuado utilizando a auga como referencia, non debe ser menor de 0,95, o que equivale a unha absorción non superior a aproximadamente 0,022.

C) Rotación específica:  $[\alpha]_D$ : + 14,5° a + 16,5° Determinar a unha concentración de 6,2 g en 100 ml de ácido fórmico (15N) nos trinta minutos seguintes á preparación da solución. Dividir a rotación específica calculada por 0,646 para compensar o contido en aspartamo do sal de aspartamo-acesulfamo.

Pureza: non máis do 0,5 por 100 (105° C, 4 h)

Perda ao secar: non máis do 0,5 por 100.

Ácido 5-Benzil-3,6-dioxo-2-piperazineacético Chumbo: non máis de 1 mg/kg.

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**15987** *ORDE APA/2937/2004, do 10 de setembro, pola que se estenden para a campaña 2004/2005 as previsións do Real decreto 177/2003, do 14 de febreiro, polo que se regulan as organizacións de operadores do sector oleícola. («BOE» 220, do 11-9-2004.)*

O Real decreto 177/2003, do 14 de febreiro, polo que se regulan as organizacións de operadores do sector oleícola establece as condicións básicas para o financiamento dos programas de actividades das organizacións de operadores do sector oleícola, así como para a súa aprobación, en desenvolvemento do Regulamento (CE) 1334/2002, da Comisión, do 23 de xullo do 2002, no que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1638/1998, do Consello do 20 de xullo de 1998, que modifica o Regulamento (CE) 136/66/CEE no cal se establece a organización común de mercados no sector das materias graxas. Até a última modificación efectuada no Regulamento (CE) 1334/2002, este só prevía a súa aplicación para as campañas de comercialización 2002/2003 e 2003/2004.

A modificación do Regulamento (CE) 1334/2002 no Regulamento (CE) 1331/2004, da Comisión, do 20 de xullo de 2004, estende a aplicación desta norma á campaña 2004/2005. En consecuencia, procede adaptar o Real decreto 177/2003, do 14 de febreiro, ás previsións da normativa comunitaria para a súa aplicación na campaña 2004/2005.

A disposición derradeira primeira do Real decreto 177/2003, do 14 de febreiro, faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, para ditar as medidas precisas en desenvolvemento e cumprimento del, así como para establecer a súa necesaria adecuación á normativa comunitaria.